



**Centenario do nacemento de  
María Casares**  
(A Coruña 1922-Alloué, Francia 1996)

Se non escoitaches falar de **María Casares** convidámoste a descubrir a unha das grandes figuras do teatro internacional do século vinte. O seu centenario é a oportunidade de crear un espazo e un tempo en Galicia para esta muller de vida extraordinaria, que percorre o mundo enriba dos escenarios.

Achegarse á súa vida é facelo á historia do século vinte: a II República española, a guerra do 36, o exilio, a II Guerra Mundial, os procesos de descolonización, a vibrante América Latina dos anos 60, a caída do Muro de Berlín.

Na aventura vital de María Casares -filla do último xefe de goberno da II República, Santiago Casares Quiroga- o seu camiño cruzarase co doutras figuras fascinantes como Margarita Xirgu, Picasso, Jean Cocteau, Albert Camus, Jean-Paul Sartre, Agnès Varda, Jean Vilar ou Rafael Alberti.

Escolle o teatro como a súa maneira de afrontar a vida como refuxiada. Actriz venerada. Gran tráxica. Amante do risco. Ousada. Sempre a contracorrente. Exiliada xenerosa coa comunidade que a acolle, sábese parte da comunidade de "parruliños feos", como ela di, que se desprazan polo planeta na procura do seu lugar.

FALADOIRO

**Centenario de María Casares**  
*a grande actriz do  
teatro europeo do século XX*

**Mércores, 16 novembro 2022**

**ás 19:00**

**Intervén:**

**Arancha Estévez**

Xornalista, autora da primeira biografía  
de María Casares